

# ARQUITECTURAS DA AUGA

6 de maio de 2016 no Campus de Ourense

## ARQUITECTURAS DA AUGA



Vicerreitoría do  
Campus de Ourense  
Universidade de Vigo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Colexio Oficial de  
Arquitectos de Galicia



Proxecto gañador: Alfredo Freixedo e Pedro Diéguez (Oikos estudio)



Vicerreitoría do  
Campus de Ourense  
Universidade de Vigo



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Colexio Oficial de  
Arquitectos de Galicia

No ano 2012 asinou o convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para elaborar o plan estratéxico do Campus da Auga. Ese ano pode ser considerado, formalmente, o inicio deste proxecto de especialización que ten como misión crear un campus líder en temáticas da auga, aproveitando o potencial natural do territorio no que se incardina e a experiencia neste ámbito do persoal investigador que nel traballa.

O plan estratéxico comeza a executarse de xeito decidido no ano 2014, concretándose nunha xeira de accións deseñadas dende o Comité de Dirección do Campus da Auga, contando coas direccións dos centros, cos grupos de investigación e persoal de administración e servizos deste campus. En cumprimento do devandito plan púxose en marcha o I Congreso Mundial da Auga, celebrado entorno ao termalismo, en setembro de 2015, e que con vocación de permanencia terá a súa segunda edición no presente ano, dedicado a inundacións e secas. Paralelamente ao primeiro congreso celebrouse o I Symposium de Termalismo e Calidade de Vida que se plantexa con carácter bianual, prevéndose a súa segunda edición para o ano 2017, e no que xa estamos a traballar. No eido da investigación, tense presentado conxuntamente con outras institucións e Universidades, o primeiro proxecto do Campus da Auga nunha convocatoria europea, ademais de establecer o protocolo interno para promover a elaboración de proxectos institucionais cos que concorrer a novas convocatorias internacionais. Con vocación divulgativa, téñense consolidado as actividades de promoción do Campus e da actividade investigadora e docente arredor do día mundial da auga, o 22 de marzo, recibindo visitas nas nosas instalacións de centos de escolares. Neste ano 2016, imos cumprir con outro dos fitos fundamentais establecidos no plan estratéxico, como é a posta en marcha do programa de doutoramento "Auga, sustentabilidade e desenvolvemento", que conta co respaldo masivo da comunidade universitaria e dos órganos de goberno da Universidade de Vigo, e no que estamos a traballar para que poida ser impartido a partir do curso 2017-2018.

Paralelamente a este proceso, no ano 2015, adxudicase o proxecto de obra do edificio do Campus da Auga, que será destinado primordialmente a usos de investigación e que tamén albergará a súa sé institucional. Este edificio que nace coa vocación de fortalecer as infraestruturas aplicables a I+D no Campus de Ourense, contará con máis de 3.500 m<sup>2</sup>, dos que un terzo estarán dedicados a laboratorios especiais. A obra deberá estar finalizada no ano 2017, consonte ao establecido no convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Vigo para a construción e desenvolvemento do Centro do Campus da Auga no Campus de Ourense, asinado o 3 de outubro de 2014, en virtude do cal o goberno autonómico aportará en catro anos un total de 4.499.032,20 Euros de Fondos FEDER.

En plena primavera, presentamos ante a sociedade, nun exercicio de máxima transparencia, e cunha razoable dose de celebración, os proxectos finalistas do que será o centro do Campus da Auga, así como o proxecto gañador que comezará a erguerse na terra do Campus ao longo do verán do presente ano. Un edificio que pretende ser útil para os fins aos que está destinado, converténdose ao tempo nun exemplo de arquitectura sostible, elegante e sinxela. No proxecto de obra sintetizanse ben estas ideas, en definitiva, a necesidade de manter o equilibrio.

Dende a Universidade de Vigo, e en particular, dende o Campus de Ourense, agradecemos a colaboración do Goberno autonómico, de institucións locais, e de todas as persoas que dende o seu ámbito profesional, ou dende o seu compromiso persoal se teñen implicado neste proxecto. Foi con todos e todas eles e elas, como dun estado inicial de ebulición gasosa, logramos que a auga líquida voltase ao rego, para hoxe poder dicir que estamos perante unha realidade con cimentos ben sólidos.

Estas son, xa que logo, as arquitecturas da auga que pola súa dinámica esixen estar en construción permanente, na busca constante, sen descanso, co ollar posto sempre no futuro.

Virxilio Rodríguez Vázquez  
Vicerreitor do Campus de Ourense da Universidade de Vigo



## ARQUITECTURAS DA AUGA

Xornada organizada pola Vicerreitoría do Campus de Ourense e o Colexio de Arquitectos de Ourense  
Venres, 6 de maio de 2016, Sala Emilia Pardo Bazán do Edificio de Facultades  
(andar soto, Edificio de Facultades, Campus Universitario As Lagoas s/n)

### PROGRAMA

**16.00 horas:**

Inauguración da exposición Arquitecturas da auga: proxecto gañador e finalistas para o edificio do Campus da Auga no Campus de Ourense, coa presenza de:

- D. Salustiano Mato de la Iglesia, Reitor da Universidade de Vigo
- D. Jesús Vázquez Abad, Alcalde do Concello de Ourense
- D. Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- D. José Manuel Baltar Blanco, Presidente da Deputación Provincial de Ourense
- D. Virxilio Rodríguez Vázquez, Vicerreitor do Campus de Ourense
- D<sup>a</sup>. Marisol Díaz Mouteira, Delegada territorial da Xunta de Galicia
- D. Antonio Maroño Cal, Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

**16.30 horas:**

Presentación de cada proxecto:

- Elizabeth Ábalo - Gonzalo Alonso
- Jovino Martínez Sierra - Oscar López Alba
- Galo Zayas (Idom / ACXT)
- Alfredo Freixedo - Pedro Dieguez (Oikos estudio)

**18.15 horas:**

Mesa redonda e debate coas persoas asistentes e coa moderación de Óscar Gónfer  
Ao remate da xornada servírase un viño e un petisco.